



CIRCULAR 11/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o curso 2010/2011 nos Conservatorios Superiores de Música da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro (BOE do 27 de outubro), establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

O Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores do grao en Música, establecidas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación. Segundo establece a Disposición adicional terceira do dito Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, no curso 2010/2011 se iniciará a implantación progresiva das ensinanzas do grao en música que se regulan neste Real Decreto, procedéndose a extinción, tamén con carácter progresivo, das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 617/1995, do 21 de abril.

A Orde de 30 de setembro de 2010 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en música na Comunidade Autónoma de Galicia e regula o acceso ao dito grao.

Cómpre pois ditar instrucións que permitan a posta en marcha e desenvolvemento do novo plan de estudos en todo aquilo que poida resultar afectado por la citada implantación para este curso 2010/2011.

As presentes instrucións serán de aplicación nos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Implantación das ensinanzas de grao e plan de estudos.

No curso 2010/2011 nos Conservatorios Superiores de Música da Coruña e de Vigo, impartiranse as ensinanzas do 1º curso dos estudos de grao en música establecidos no Real Decreto 1614/2009, do 29 de outubro, cuxos aspectos básicos foron regulados no Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, e segundo o plan de estudos disposto para a Comunidade Autónoma de Galicia pola Orde do 30 de setembro de 2010 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Extinción do plan de estudos.

2.1. No curso académico 2010/2011 non se realizará matrícula nova para as materias do 1º curso do plan de estudos establecido polo Real Decreto 617/1995, do 25 de abril, e regulado na Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 183/2001, do 19 de xullo. Unicamente poderá realizar a matrícula o alumnado con estas materias pendentes.



2.2. O alumnado con materia ou materias pendentes do 1º curso, correspondentes ao plan a extinguir, recibirá a docencia correspondente á materia ou materias pendentes, unicamente no caso de materias con rateo 1/1. No caso de materias de rateo maior, o alumnado poderá incorporarse como ouvinte nos grupos de docencia do plan de estudos que se implanta, e naquelas materias que resulten ter a mesma ou similar denominación e descritor de contidos, tanto no plano de estudos que se extingue, como no que se implanta. Será competencia da dirección de cada centro determinar esta adecuación. No caso de que non fose posible esta adecuación, os departamentos responsables das materias que se extingan proporán á dirección as medidas de atención que garantan o dereito á titoría e orientación académica a este alumnado, e a dirección tomará as medidas oportunas para o correcto exercicio deste dereito.

2.3. Aqueles alumnos e alumnas que non tiveran superado ningunha das materias do 1º curso do plano que se extingue, deberán incorporarse ao 1º curso do novo Plan regulado pola Orde do 30 de setembro de 2010.

2.4. O alumnado con materia ou materias pendentes do 1º curso, correspondentes ao plan a extinguir, poderá concorrer á convocatoria ou convocatorias extraordinarias que realicen os centros ao efecto de superar estas materias. A tal efecto, realizarase unha convocatoria en febreiro, coincidindo cos exames ordinarios do primeiro cuadrimestre do novo plan, e outra en xullo, coincidindo coa convocatoria extraordinaria do novo plan. Os alumnos e alumnas que deban presentarse a estas convocatorias, poderán instar á renuncia á convocatoria mediante o procedemento e prazo que cada centro estableza. En calquera caso, as convocatorias sumaranse ás consumidas, mantendo o número máximo de catro, á que se poderá engadir a convocatoria de graza no seu caso. A administración educativa poderá realizar as convocatorias que estime oportunas, para facilitar que rematen os estudos aqueles alumnos e alumnas que acrediten non ter consumido as convocatorias anteditas. En todo caso se mantén a data límite de 2015 indicáda no Real Decreto 631/2010, do 14 de maio.

2.5. De acordo co previsto no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se establecen o Regulamento Orgánico de aplicación, nos seus artigos 73, h) e 75, h), a competencia para o deseño e desenvolvemento das probas extraordinarias a que se refire o punto inmediatamente anterior será do departamento, neste caso de aquel que viña sendo responsable de cada unha das materias extintas. O xefe ou xefa de departamento en coordinación coa xefatura de estudos deseñará o calendario e aspectos de desenvolvemento destas probas, correccións, revisións, e calquera aspecto relacionado con elas.

2.6. De acordo co establecido na Disposición adicional cuarta do Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, o alumnado que teña iniciado os seus estudos segundo o plan establecido polo Real Decreto 617/1995, do 21 de abril, poderá continuarlos ata rematalos, ata o curso 2014/2015. O



alumnado que non os tivera rematado nesta data incorporárase ás novas ensinanzas reguladas polo citado Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, segundo o establecido no mesmo.

3. Incorporación de alumnado procedente do plan de estudos anterior.

3.1. De acordo co previsto na Disposición adicional cuarta do RD 631/2010, do 14 de maio, o alumnado que tendo cursado materias do plan de estudos a extinguir regulado polo Real Decreto 617/1995, do 21 de abril, desexe incorporarse ao plan de estudos novo regulado polo Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, poderá instar a validación de materias correspondentes ao plan novo, por materias de contido e carga lectiva análogos ás cursadas no plan a extinguir.

3.2. A validación das materias farase de xeito individualizado, segundo o seguinte procedemento:

- a) O interesado dirixirá a solicitude de validación á dirección do centro.
- b) A dirección a trasladará ao Departamento ao que corresponda a materia ou materias que se pretenden validar, no caso de que se trate de máis de unha.
- c) O Departamento informará a validación, positiva ou negativamente, tendo en conta a analoxía dos contidos e os créditos tanto da materia cursada como da que se pretende validar.
- d) A dirección, recibido informe do Departamento, e á vista do mesmo trasladará informe propio á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que determinará se procede ou non á validación á vista da documentación achegada, e o comunicará ao centro.

3.3. Para a incorporación de alumnado procedente do plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, estarase igualmente ao disposto na citada Disposición adicional cuarta do Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, e anexos relacionados nesta mesma norma.

3.4. En calquera caso o cambio do plan antigo ao novo, so poderá facerse cando se realice na mesma especialidade e itinerario, no seu caso.

4. Mobilidade do alumnado.

Para o recoñecemento e transferencia de créditos cursados noutras especialidades e/ou comunidades autónomas, serán de aplicación as normas previstas no artigo 10 do Real Decreto 631/2010, do 14 de maio. O procedemento para o recoñecemento de créditos será o mesmo que se ten descrito para a validación de materias no apartado 3.3. anterior.



5. Programacións Docentes.

5.1. As programacións das materias de nova implantación, serán elaboradas polos docentes que impartan cada unha das materias dos estudos de grao, e supervisadas polo departamento correspondente. En relación cos contidos partírase dos descritores de competencias que se recollen no Anexo I do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, e dos descritores de contidos básicos que se recollen no Anexo II do mesmo Real decreto; a efecto de estrutura da programación estarase ao disposto ao respecto na Circular 6/2009 actualmente vixente para a ordenación académica dos conservatorios superiores de música, no seu apartado 1.5.

5.2. Excepcionalmente, neste curso académico 2010-2011, as programacións docentes relativas ao primeiro curso, deberán estar realizadas, informadas e aprobadas polos órganos con competencia académica de cada centro: xefatura de estudos, comisión de coordinación pedagóxica, e claustro docente, con anterioridade ao 15 de decembro de 2010.

5.3. Unha vez aprobadas serán remitidas ao servizo de inspección correspondente, e á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.

6. Calendario de Probas e Avaliacións.

6.1. De acordo co carácter cuadrimestral das materias do currículo de grao, regulado pola Orde do 30 de setembro de 2010, realizarase unha avaliación ordinaria por cuadrimestre ao remate do período lectivo de cada un deles, e outra extraordinaria no mes de xullo.

6.2. Os exames correspondentes ás materias cuadrimestrais realizaranse nos dez días naturais últimos do respectivo cuadrimestre.

6.3. Tendo en conta o calendario escolar promulgado pola Consellería de Educación e O.U. para o curso 2010/2011, e o reparto equitativo do período lectivo anual en dous cuadrimestres de similar duración, dispóñense as seguintes datas para a determinación dos períodos de clases e os reservados para a realización de probas ordinarias e extraordinarias:

6.3.1. O período lectivo do primeiro cuadrimestre abrangue desde o día 17 de setembro ata o 25 de xaneiro, ámbolos dous inclusivos, realizándose as probas ordinarias entre os días 26 de xaneiro e 4 de febreiro, ámbolos dous inclusivos.

6.3.2. O período lectivo do segundo cuadrimestre abrangue desde o día 7 de febreiro ata o 7 de xuño ámbolos dous inclusivos, realizándose as probas ordinarias entre os días 8 de xuño e 17 de xuño, ámbolos dous inclusivos.



6.3.3. Os centros realizarán unha convocatoria extraordinaria entre os días 4 e 15 de xullo, aos efectos de recuperación das materias cuatrimestrais que procedan, independentemente de que correspondesen ao primeiro ou ao segundo cuatrimestre.

6.4. Sen prexuízo do procedemento establecido con carácter xeral na Circular 6/2009, tendo en conta o carácter cuatrimestral das materias, establécense os seguintes prazos para a renuncia de convocatoria:

a) para as materias de primeiro cuatrimestre, ata o 15 de decembro.

b) para as materias de segundo cuatrimestre, ata o 29 de abril.

7. Adscrición da competencia docente nas materias de 1º curso.

Ao efecto de determinar a competencia docente do profesorado que actualmente está a prestar servizos nos conservatorios superiores de música, en relación ás materias do 1º curso do grao en música, procederáse do seguinte xeito.

7.1. Naquelas materias que resulten ter a mesma denominación e descritor de contidos, tanto no plano de estudos regulado no Decreto 183/2001, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo das ensinanza de grao superior de música e o acceso ao dito grao, como no plano de estudos que se recolle no Anexo desta circular, terán competencia docente os mesmos docentes que a viñan exercendo en razón da adscrición de competencia docente que ten resultado da Resolución do 25 de agosto de 2008, así como da normativa posterior ditada a este efecto: Instrucións do 15 de setembro de 2008, e Circular 6/2009, ámbalas dúas desta dirección xeral.

7.2. Naquelas materias que resulten ter un nome e/ou descritor novo, pero cun contido curricular análogo respecto de materias existentes no plan de estudos a extinguir, terán a competencia docente os profesores e profesoras seleccionados para cada un dos perfiles de competencia docente que se recollen na Resolución do 25 de agosto de 2010 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación, de acordo co cadro no Anexo desta circular.

7.3. As materias de Danza e Baile Tradicional I, Conxunto Tradicional e Folk, serán impartidas por profesorado coa competencia docente na materia de Instrumentos da Música Tradicional e Popular.

7.4. A materia de Adestramento Auditivo de Jazz será impartida por profesorado coa competencia docente en calquera dos sub-itinerarios instrumentais de Jazz.

7.5. A materia de Conxunto, das especialidades de composición, musicoloxía e pedagogía, será impartido por profesorado dos respectivos departamentos, sen prexuízo do disposto no punto 7.6 seguinte.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano
15781 – Santiago de Compostela



XACOBEO 2010
Galicia

7.6. A adscrición de materias debe entenderse como de aplicación xeral, podendo ser modificada para cada caso concreto, por proposta da dirección, en beneficio do óptimo uso dos recursos humanos de que dispón o centro, e mantendo no posible os mesmos criterios de adecuación docente e curricular que se veñen aplicando para a adscrición mas materias que se extinguen. A proposta de modificación de adscrición respecto do recollido no Anexo, así para o caso de posibles materias no contempladas nestas instrucións, deberá contar co informe favorable da comisión de coordinación pedagóxica, e aprobación do servizo de inspección correspondente.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2010.

O director xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



...: José Luis Mira Lema

ANEXO

Materias do 1º curso dos estudos de grao en Música, e adscripción da docencia en relación co perfil de competencia docente.

Materia	Perfil de Competencia Docente, en orde de prelación
Acústica Xeral	Composición, Práctica Harmónico-contrapuntística, Musicoloxía, Historia da Música e Organoloxía
Acústica Aplicada á Composición	Composición, Práctica Harmónico-contrapuntística
Concertación	Canto
Correpetición	Piano
Formación e Adestramento Auditivo e Vocal	Educación Auditiva e Piano Complementario
Fundamentos de Transcrición Aplicada	Musicoloxía
Iconografía Musical	Musicoloxía
Introdución Etnomusicoloxía	Musicoloxía
Metodoloxía para Análise Musical	Musicoloxía
Organoloxía específica do instrumento	Especialidade instrumental correspondente
Percusión Tradicional	Percusión
Piano Aplicado ou 2º instrumento	Piano Complementario ou Especialidade instrumental correspondente
Tecnoloxías aplicadas para a Composición	Composición, Práctica Harmónico-contrapuntística
Tecnoloxías para a Música	Composición, Práctica Harmónico-contrapuntística
Teoría da Historia e Historiografía	Musicoloxía
Teoría da Educación	Pedagogía